

A LEDICIA DE LER

“Un libro sobre o levantamento de 1846”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 3 de agosto de 1977



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Un libro sobre o levantamento de 1846

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 3 DE AGOSTO DE 1977

A chamada revolución de 1846 é un dos capítulos máis coñecidos da mitoloxía do galeguismo. Durante anos, desde a publicación do xa célebre libro que Tettamancy lle dedicara ao tema, este episodio ocupou un lugar preeminente na historiografía galega. Resulta curioso que a mesma paixón que puxeron algúns historiadores en darlle a aquel pronunciamento un significado que non tivo (o pretendido intento de crear un Estado galego) empregouna a historiografía española en arrincarlle o carácter galeguista que indubidablemente tivo polo menos como un dos seus compoñentes.

Os feitos son coñecidos dabondo. En abril de 1846, concretamente o día 2, pronúnciase na Praza Maior de Lugo un batallón que ía de paso para Valladolid. Á fronte colócase o comandante gaditano don Miguel Solís y Cueto, que fora elixido polos conxurados, e fai unha proclama na que aplaude a liberdade e á raíña constitucional e pide a desaparición do ditador Narváez, xunto coa eliminación do sistema tributario de 1845. O movemento esténdese a Santiago, Pontevedra, Vigo e outras localidades. Súmanse elementos civís que se encargan de crear as correspondentes xuntas locais, e o día 15, ao quedar o levantamento circunscrito a Galicia, os representantes destas reúnen en Asemblea en Santiago. O máis importante dos acordos adoptados é a creación dunha “Junta Superior del Gobierno de Galicia” integrada por Pío Rodríguez Terrazo, José María Santos, Ramón Buch e Antolín Faraldo, que se encarga da administración e do auxilio aos exércitos sublevados. A ideoloxía “provincialista” destes homes lévaos a facer emotivas

proclamas para reivindicar os dereitos de Galicia, convertida segundo eles en “colonia de la Corte”. O 23 de abril, despois de vinteún días, as tropas gobernamentais esmagan o levantamento na batalla de Cacheiras e en Santiago. O 26 son fusilados en Carral, Solís e os demais oficiais presos. Nacía así a mitoloxía dos chamados “mártires de Carral”.

O profesor Barreiro Fernández acaba de publicar un libro sobre este tema: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*¹. Nel estuda o contexto socioeconómico, ideolóxico e político do levantamento. Na súa opinión, en 1846 non existían razóns de tipo infraestrutural que expliquen os feitos, as causas dos cales son fundamentalmente de tipo político e ideolóxico. Entre estas últimas Barreiro concede especial importancia á xeración intelectual que irrompe no panorama cultural galego cara ao ano 1840²: os chamados “provincialistas”. Descubren a Galicia, a súa singularidade, a súa cultura e o seu atraso, e denuncian as causas: o centralismo, o ruralismo, a lexislación, os propios erros dos galegos. Como solución pensan no “provincialismo”, que poderíamos dicir era unha especie de autonomismo. Os seus homes máis destacados participaron no levantamento de 1846.

Da análise da abundantísima documentación consultada, o profesor Barreiro Fernández tira a conclusión de que os obxectivos do levantamento foron diversos. Entre os económicos hai que destacar a oposición ao sistema tributario de 1845, a supresión do cal se pide en case que todas as proclamas das xuntas. Respecto dos obxectivos políticos, foron varios: os conservadores desexaban un cambio de goberno, especialmente a caída de Narváez e o seu grupo; os progresistas querían un cambio de réxime, e finalmente os elementos revolucionarios da xeración “provincialista” buscaban a instauración dun réxime republicano-federal.

¹ X. R. Barreiro Fernández: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Pico Sacro. Santiago, 1977.

² Nota do transcritor: no orixinal, 1940.

O libro de X. R. Barreiro Fernández está extraordinariamente documentado, o que lle confire rigor e seriedade científica. Por outra parte o seu intento desmitificador faino atractivo para aqueles que procuran sempre a verdade histórica por baixo das aparencias.

* * *